

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO:	IES AS MARIÑAS DE BETANZOS
CURSO:	4º ESO
MATERIA:	FÍSICA E QUÍMICA
DEPARTAMENTO:	FÍSICA E QUÍMICA
DATA:	11/05/2020

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Recoñecer e identificar as características do método científico	- Valora a evolución do pensamento científico ao longo da historia, salientando a importancia que supón para o desenvolvemento científico e tecnolóxico de cada época
Desenvolver pequenos traballos de investigación en que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización das TIC.	- Busca, selecciona e fai unha análise crítica de información de carácter científico CSIEE utilizando as TIC
Recoñecer o carácter relativo do movemento, describir movementos comúns da vida cotiá e valorar a importancia do seu estudo no xurdimento da ciencia moderna	- Recoñece o carácter relativo do movemento e valora a necesidade dos sistemas de referencia. - Sabe identificar os movementos segundo as súas representacións gráficas x-t e v-t. - Realiza a representación gráfica dos movementos rectilíneos a partir da táboa de datos correspondente
Identificar o papel das forzas como causa dos cambios de movemento e das presións, así como recoñecer e representar as principais forzas presentes en situacións do contorno	- Comprende a idea de forza como interacción e causa das aceleracións dos corpos. - Sabe identificar e representar forzas que actúan sobre un corpo tanto en repouso coma en movemento. - Aplica correctamente a ecuación fundamental da dinámica na resolución de exercicios. - Identifica os diferentes tipos de forzas: gravitatoria, eléctrica, elástica e as exercidas polos fluídos. - Comprende a relación entre a presión e a forza aplicada sobre líquidos
Empregar modelos para xustificar as observacións celestes e comparar as súas interpretacións, así como valorar as interpretacións históricas do enfrontamento entre elas.	- Utiliza diferentes modelos celestes para xustificar as observacións diarias e anuais dos movementos dos astros. - Compara as concepcións xeocéntrica e heliocéntrica e a súa capacidade para interpretar as observacións. - Recoñece as achegas de Galileo e Kepler e valora as melloras das observacións cotelescopio e o reforzo do modelo heliocéntrico. - Comprende a unificación da dinámica celeste mediante a gravitación universal de Newton
Utiliza a gravitación universal para explicar a forza peso, os movementos no sistema solar, os satélites artificiais e as naves espaciais, e analizar de forma crítica as contribucións da ciencia espacia	- Utiliza a lei de gravitación universal de Newton para explicar o peso dos corpos e o CCEC movemento de planetas e satélites do sistema solar

<p>Aplicar o principio de conservación da enerxía á comprensión das transformacións e das transferencias enerxéticas en situacións prácticas da vida diaria e analizar os problemas asociados coa súa obtención e uso.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Identifica as diferentes formas de enerxía, tanto mecánica como interna. - Relaciona a transferencia de enerxía mecánica co traballo e a transferencia de enerxía térmica coa calor. - Explica a conservación da enerxía mecánica en situacións sinxelas. - Coñece e sabe utilizar o concepto de potencia e rendemento. - Explica os principais mecanismos de propagación da calor. - Distingue entre ondas transversais e lonxitudinais. - Distingue e explica a reflexión, a refracción e a dispersión da luz.
<p>Identificar as características dos elementos químicos máis representativos da táboa periódica e predicir o seu comportamento químico.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Identifica a relación entre as propiedades e a estrutura das substancias. - Interpreta a estrutura atómica a partir de evidencias da distribución dos electróns en niveis de enerxía. - Valora a información que proporciona a táboa periódica en canto á capacidade de combinación dos elementos. - Interpreta a estrutura das substancias a través do enlace covalente, iónico ou metálico. - Utiliza a linguaxe química para nomear e formular compostos binarios e ternarios seguindo as normas IUPAC
<p>Xustificar a gran cantidade de compostos orgánicos existentes, así como a formación de macromoléculas e a súa importancia nos seres vivos</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprende as enormes posibilidades de combinación que presenta o átomo de carbono. - Clasifica os compostos de carbono segundo a clase de átomos que os forman e o tipo de unión entre eles. - Comprende a formación de macromoléculas, o seu papel na constitución dos seres vivos. - Recoñece os combustibles fósiles, carbón e petróleo, e a súa importancia como recursos enerxéticos. - Utiliza a linguaxe química para nomear e formular os hidrocarburos e os principais compostos orgánicos osixenados.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none">• Análise das producións do alumnado• Cuestionarios,• Intercambios orais co alumnado,• Rúbricas <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none">• Monografías: Texto argumentativo que presenta e analiza os datos obtidos de varias fontes, sobre unha determinada temática, como biografías de científicos/as, evolución histórica dos conceptos e teorías da física (exemplo, a luz), analizados con visión crítica.• Resumos, traballos de aplicación e síntese das diferentes unidades didácticas despois da exposición e aprendizaxe das mesmas.• Caderno de clase, corrixido mediante rúbrica que está a disposición do alumnado.• Resolución de exercicios e problemas que acompañan ao libro de texto ou material didáctico empregado.• Autoavaliación: preguntas cortas que os axuden a reflexionar e a valorar a súa aprendizaxe.
Cualificación final	<p>O alumnado que teña aprobada a dúas primeiras avaliacións, farase medias de ditas avaliacións. Se as tarefas do terceiro trimestre preséntase nas datas marcadas, veñan ben presentadas, a resolución dos problemas é a correcta e facendo as tarefas Segundo vaise indicando en cada unha, á nota media poderá sumar ata dous puntos máis.</p> <p>O alumnado que non superou unha ou as dúas avaliacións terán que facer todas as tarefas, entregalas nos prazos indicados, presentalas ordenadas e claras, os problemas con todas as indicacións e ben feitos, recuperarán as avaliacións suspensas.</p>

<p>Proba extraordinaria de setembro</p>	<p>Consistirá nunha proba escrita na que se incluírán actividades para avaliar os estándares de aprendizaxe das dúas primeiras avaliacións.</p> <p>Nas probas o alumnado ten que, utilizando o vocabulario e simboloxía adecuada, citar, definir, clasificar, xustificar e realizar exercicios numéricos, problemas ou cuestións que expoñan a aplicación dun coñecemento</p>
<p>Alumnado de materia pendente</p>	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>A avaliación será obxectiva, con procedementos que valoren a dedicación, o esforzo e o rendemento do alumno/a. Valorarase o traballo continuo ó longo de todo o curso</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>O alumnado superará a materia pendente de 3º no caso de que a materia de Física e Química de 4º de ESO estea superada. Asemade, deberá entregar un traballo feito consistente en realizar, por avaliacións, distintas series de exercicios correspondentes á materia de Física e Química de 3º de ESO. No caso de que a materia de Física e Química de 4º de ESO non estivera superada, o alumnado poderá superar a materia pendente se entrega os traballos de cada unha das avaliacións, correctamente feito e dentro do prazo establecido</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Probas escritas obxectivas • Resolución de exercicios e problemas

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

4ºESO Física e Química

Actividades	<ul style="list-style-type: none">• Semanalmente estanse enviando diferentes propostas, resumos, actividades teóricas e prácticas, follas de exercicios, etc.• Estamos colaborando con outros departamentos, como o de Galego e Tecnoloxía e facendo actividades conxuntas. Tamén colaboramos en proxectos da biblioteca, e algúns siguen nun club de lectura.• Temos unha clase a través da plataforma Webex de unha hora de duración, inda que se os alumnos así o requiren ás veces facemos dúas. Nestas sesións explicamos conceptos, facemos exercicios, preguntan as dúbidas e facemos un repaso semanal.• Mantemos o contacto case diario a través do correo electrónico, tanto dos propios alumnos como dos pais, para que poidan estar informados en todo momento do traballo que están a facer os seus fillos.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>No noso caso todos teñen conectividade, xa que desde o centro repartíronse ordenadores a todos os alumnos que o precisaban e os diferentes concellos repartiron pinchos naqueles casos en que se detectou a necesidade de facelo. Inda así, sempre damos diferentes opcións para facer o traballo, incluso só cun teléfono móbil poderían seguir tódalas actividades.</p> <p>A principios de cada semana se manda un correo electrónico onde se inclúe e distribúe todo o traballo semanal. Unha vez a semana hai unha clase vía plataforma Webex, que pode ampliarse a dúas se así o piden. Constantemente se están mandando correos electrónicos, os alumnos con exercicios e as dúbidas e o profesorado coas explicacións e correccións.</p>
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none">• Libro de texto• Apuntamentos e exercicios elaborados polo profesorado• Fichas de reforzo• Videos explicativos• Ordeador, tablet, teléfono móvil

En dúbida se se poderá impartir a seguinte unidade didáctica:

U.D. 4: Introducción á química orgánica

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<ul style="list-style-type: none">- Mediante a páxina web do centro- A través das redes sociais- Por correo electrónico- Vía telefónica- Por grupo de whatsapp- A través da aplicación Webex
Publicidade	<ul style="list-style-type: none">- Páxina web do centro- Redes sociais

